

A partir da morte de don Pedro, conde de Barcelos, en 1354, comeza a decadencia da lírica galego-portuguesa debido á:

- A consolidación da nobreza galega na monarquía hispánica.
- A perda de poder da nobreza galega de máis alcurnia.
- A intensificación da política centralista da raíña Isabel a Católica e a represión sobre a nobreza galega.
- A ocupación dos cargos da administración pública e da igrexa por xentes non galegas.
- A desaparición dos mecenatos.
- O aumento de prestixio da corte castelá e do seu idioma.
- Por último, o esmorecemento da corrente literaria da lírica trovadoresca e a aparición de novos modelos (provenientes de Italia).

Como consecuencia de todo isto, durante o século XV a creación poética galega refúxiase xa en franca decadencia, na corte castelá, ao tempo que a literatura en castelán vai triunfando.

Desta época conservamos algunhas cantigas en galego inseridas en cancioneiros casteláns do século XV. No ***Cancioneiro de Baena***, por exemplo, de 600 composicións, só 74 están en galego.